

## OS RINOCERONTES ASIÁTICOS

É un dos animais que se atopa en maior perigo de extinción. As tres especies existentes neste momento son: O rinoceronte da India, o de Xava e o de Sumatra.

A diferenza dos africanos, eles si conservan os dentes incisivos, o de Sumatra incluso os canteiros, pero estes dentes están modificados e adaptados á loita. Viven cerca dos pantanos e en zonas selváticas, onde hai moitas árbores, que lle serven para alimentarse e máis para evitar ós cazadores furtivos e agacharse en caso de perigo.

Viven en territorios moi distantes uns dos outros, espallados por varios países.

### O RINOCERONTE DE XAVA

É o que máis perigo de extinguirse está a correr. É a especie máis rara, quedan arredor de 50 exemplares neste momento. Viven en Indonesia e Vietnán.

Miden entre 1'5 m e 1'70 m de alto e entre 2 e 4 de longo. O seu peso está entre 900 kg. e 2.300 kg. As femias son moito máis pequenas que os machos. Ten un so corno duns 25 cm de longo.



A femia ten a súa primeira cría entre os 5 e os 7 anos. Ten unha soa cría cada 3 ou 4 anos polo que é moi complicado recuperar a poboación. O seu período de vida é entre 30 e 35 anos.

É un animal solitario e de mal carácter.

### O RINOCERONTE DE SUMATRA

É coñecido tamén como rinoceronte peludo. É un dos que máis perigo de extinción corre neste momento. Perdeuse máis da metade da poboación nos últimos anos. Actualmente sobreviven menos de 300.

É un dos máis pequenos de entre todas as especies que existen, mide entre 1 e 1'5 m de alto entre 2 e 2'30 de lonxitude. O seu peso está entre 600 e 950 Kg. Ten dous cornos coma os africanos e pode vivir entre 35 e 40 anos.

Ten a pel lisa e sen pelo e forma unha especie de caparazón con pregues e duro.

Vive nas illas de Sumatra, Borneo e Indonesia.

## O RINOCERONTE DA INDIA

É o máis grande de Asia. A súa altura é de entre 1'75 e 2 m, mide entre 3 e 3'80 m de longo e o seu peso está entre 1800 e 2700 Kg.

Ten un so corno duns 40 cm. Ten a pel grosa con profundos pregues que parecen pranchas de blindaxe e saíntes que recordan remaches. Parece un animal acorazado pero esa coraza non lle vale de nada fronte as balas dos cazadores furtivos. Por eso é un animal en grave perigo de extinción. Na actualidade viven uns poucos individuos en reservas protexidas.




As femias do rinoceronte indio paren as súas primeiras crías entre os 5 e os 7 anos, a cría pesa ó nacer uns 60 kg. Como todos os demais rinocerontes, o normal é unha cría cada 2 anos anos. A súa vida media é de entre 35 e 45 anos en liberdade e uns 47 en cautiverio.

As femias dos rinocerontes indios móvense nun territorios que se estenden entre 9 e 15 Km. Estes territorios non están tan definidos coma os dos machos, polo que non é difícil que máis dunha femia compartan certos espazos. O contrario do que ocorría coas femias do rinoceronte branco que cando se atopaban se saudaban amistosamente, as do rinoceronte indio non o fan, o contrario, agrédense. Realmente é un animal moi agresivo. Responde agresivamente, con fortes acometidas cando alguén o molesta.

Vive so pero as veces admiten a compañía dalgún rinoceronte novo inda que non sexa seu fillo.

Actualmente gracias a que os gobernos de India e Nepal, zonas nas que vive, tomaron medidas, o número destes animais está a aumentar inda que non pasou o perigo de extinción para estes animais.



# COMPRESIÓN

## 1. Contesta:

¿Cales son as especies que existen neste momento de rinocerontes asiáticos?

Viven en zonas selváticas ¿por qué?

¿Cal é a especie máis rara?

¿Cal é o máis grande? ¿Canto mide?

## 2. Une con frechas:

	Quedan uns 50 exemplares
	1'75-2 m de alto
Rinoceronte de Xava	India, Nepal
Rinoceronte da India	Sumatra, Borneo e Indonesia
Rinoceronte de Sumatra	Indonesia, Vietnam
	1'5-1'70 m de alto
	1-1'5 m de alto

### 3. Completa:

- Ó ..... chámase tamén Rinoceronte peludo
- O Rinoceronte ..... as veces admite a compañía de algún ..... inda que non sexa seu fillo.
- O Rinoceronte da India parece un ..... porque .....
- O ..... ten un so corno duns ..... de .....

### 4. Pon V ou F

- \_\_\_ O rinoceronte peludo non ten pelo.
- \_\_\_ As femias dos rinocerontes indios amósanse moi amistosas entre elas.
- \_\_\_ O rinoceronte de Xava é un animal solitario e de mal carácter.
- \_\_\_ O rinoceronte de Sumatra é un dos máis grandes.
- \_\_\_ Os rinocerontes africanos conservan os dentes incisivos.
- \_\_\_ O rinoceronte da India protéxese fronte ós cazadores con unha especie de coraza.

## ACTIVIDADES

### 1. Ordena as letras para formar palabras e logo as palabras para formar unha frase:

O tnriceoner ad nldai tne nu ós oconr

---

---

### 2. Separa ben e escribe as frases

AespeciemáisiraraderinoceronteéorinocerontedeXava

---

---

Orino ceron tede Sumatra éun dosmáis pe quenos quee xisten

---

---


### 3. Completa o parágrafo coas palabras do recadro

Os rinocerontes ..... conservan os  
....., o de ..... incluso os  
..... Estes dentes están adaptados á .....  
Viven cerca dos ..... en  
....., onde hai moitas  
....., que lle serven para .....  
e para agacharse dos .....

zonas selváticas, cazadores furtivos, dentes incisivos, loita, canteiros, Sumatra, pantanos, árbores, asiáticos, alimentarse



**6. Atopa as 8 diferencias.**



**7. As palabras da primeira columna están escritas na segunda columna ó revés. Relacionaas:**

rinoceronte

avaX

Xava

onacirfa

peludo

odulep

poboación

etnoreconir

agresivo

lamina

animal

oviserga

africano

nóicaobop



---